



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

27 OCT. 2024 22:30:23

Entrada **46461**

Sobre o Protocolo para o Rexistro de obxectores de conciencia en casos de aborto

Competencia
Subcompetencia
Tipo Expediente

Competencias de la Cámara
Control e información
184-Pregunta al Gobierno con
respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita sobre a necesidade de axilizar o Protocolo para a xestión dos rexistros de obxectores de conciencia para a interrupción voluntaria do embarazo.**

A Lei Orgánica 1/2023, de 28 de febreiro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2020, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo regula a obxección de conciencia e inclúe a elaboración de rexistros de obxectores na sanidade pública a cargo das CC.AA. Para posibilitalo, o Goberno debe confeccionar e publicar o protocolo correspondente para a xestión dos citados rexistros.

A urxencia de contar canto antes co Protocolo débese, por un lado, á necesidade de desenvolver integramente a lei e, por outro, impedir que se utilice a súa falta como escusa para non avanzar na creación dos rexistros. Neste sentido, o Goberno ten manifestado en anteriores respostas ao BNG sobre esta mesma cuestión que “está a traballar no Protocolo”.

A finais do mes de setembro a Ministra de Sanidade aseguraba que se estaba ultimando o Protocolo e que proximamente estaría listo o borrador, porén, o retraso na súa elaboración é preocupante, sobre todo, despois das declaracións en que o Ministerio aclaraba que non estaría listo para o Consello Interterritorial de Saúde previsto para o 11 de outubro.

Con todo, o contido do borrador de Protocolo foi filtrado a un medio de comunicación recentemente facéndose público que vai incluír “unha obxección

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

27 OCT. 2024 22:30:23

Entrada **46461**



de conciencia á carta”. Así, transcendeu que os profesionais sanitarios poderán optar entre dous modelos de obxección, unha total, segundo a cal se opoñen a todo tipo de práctica de aborto, e outra parcial, pola que se inhiiben só de aquelas interrupcións segundo os prazos e supostos previstos na lei.

Así mesmo, con base na lei, só poden declararse obxectores os profesionais que interveñen directamente no proceso de interrupción voluntaria do embarazo, mais o borrador de Protocolo concreta cales están incluídos (persoal de xinecoloxía e obstetricia, anestesiastas, especialistas en reanimación, enfermería e matronas). Ademais, o Protocolo establecería as características dos rexistros, sempre confidenciais.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Está ultimado o Protocolo necesario para que as CC.AA elaboren os rexistros de obxectores de conciencia para a interrupción voluntaria do embarazo na sanidade pública?
2. De ser así, Cando será levado polo Ministerio de Sanidade a unha conferencia sectorial para abordalo coas CC.AA? Será antes de finalizar o ano?
3. Cales son as causas desta demora que impide garantir ás mulleres a interrupción voluntaria do embarazo nos centros públicos e evitar obxeccións en bloque que poñen en risco este dereito?
4. Axilizará o Ministerio a tramitación do Protocolo?
5. Como é que se filtraron partes do borrador do Protocolo a un medio de comunicación antes de que fose dado a coñecer ás Comunidades Autónomas ou a outros actores políticos?



6. Agora que xa foi divulgado parte do seu contido, Fará público o documento e explicará publicamente as súas propostas?

Madrid, a 27 de outubro de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita sobre la necesidad de agilizar el Protocolo para la gestión de los registros de objetores de conciencia para la interrupción voluntaria del embarazo.**

La Ley Orgánica 1/2023, de 28 de febrero, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2020, de 3 de marzo, de salud sexual y reproductiva y de la interrupción voluntaria del embarazo regula la objeción de conciencia e incluye la elaboración de registros de objetores en la sanidad pública a cargo de las CC.AA. Para posibilitarlo, el Gobierno debe confeccionar y publicar el protocolo correspondiente para la gestión de los citados registros.

La urgencia de contar lo antes posible con el Protocolo se debe, por un lado, a la necesidad de desarrollar íntegramente la ley y, por otro, impedir que se utilice su falta como excusa para no avanzar en la creación de los registros. En este sentido, el Gobierno ha manifestado en anteriores respuestas al BNG sobre esta misma cuestión que “está trabajando en el Protocolo”.

A finales del mes de septiembre la Ministra de Sanidad aseguraba que se estaba ultimando el Protocolo y que próximamente estaría listo el borrador, sin embargo, el retraso en su elaboración es preocupante, sobre todo, después de las declaraciones en que el Ministerio aclaraba que no estaría listo para el Consejo Interterritorial de Salud previsto para el 11 de octubre.



Con todo, el contenido del borrador de Protocolo fue filtrado a un medio de comunicación recientemente haciéndose público que va a incluir “una objeción de conciencia a la carta”. Así, trascendió que los profesionales sanitarios podrán optar entre dos modelos de objeción, una total, según a cuál se oponen a todo tipo de práctica de aborto, y otra parcial, por la que se inhiben solo de aquellas interrupciones según los plazos y supuestos previstos en la ley.

Asimismo, con base en la ley, solo pueden declararse objetores los profesionales que intervienen directamente en el proceso de interrupción voluntaria del embarazo, pero el borrador de Protocolo concreta cuales se incluyen (personal de ginecología y obstetricia, anestesistas, especialistas en reanimación, enfermería y matronas). Además, el Protocolo establecería las características de los registros, siempre confidenciales.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Está ultimado el Protocolo necesario para que las CC.AA elaboren los registros de objetores de conciencia para la interrupción voluntaria del embarazo en la sanidad pública?
2. De ser así, ¿Cuándo será llevado por el Ministerio de Sanidad a una conferencia sectorial para abordarlo con las CC.AA? ¿Será antes de finalizar el año?
3. ¿Cuáles son las causas de esta demora que impide garantizar a las mujeres la interrupción voluntaria del embarazo en los centros públicos y evitar objeciones en bloque que ponen en riesgo este derecho?
4. ¿Agilizará el Ministerio la tramitación del Protocolo?



5. ¿Cómo es que se filtraron partes del borrador del Protocolo a un medio de comunicación antes de que fuera dado a conocer a las Comunidades Autónomas o a otros actores políticos?
6. Ahora que ya ha sido divulgado parte de su contenido, ¿Hará público el documento y explicará públicamente sus propuestas?

Madrid, a 27 de octubre de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso